

La Voz de Galicia

- Iniciar sesión
-
- Iniciar sesión

○ LITERATURA

Imagen: ÓSCAR CORRAL

Un crebacabezas literario

Xosé Monteagudo publica unha novela de longo alento e fascinante lectura: poliédrica, intensa e moi precisa. a obra ten esa intención case oceánica de apreixar a historia máis recente de Galicia.

RAMÓN NICOLÁS

04/11/2016 05:10

Publicada pouco tempo antes do verán, e cun grande éxito de recepción ata o de agora, é esta unha das novelas máis salientables, tanto no percorrido creativo de Xosé Monteagudo como entre as do seu xénero que viron a luz nesta tempada literaria. Sintetizar as razóns da devandita afirmación non é doado mais algúns dos argumentos camiñan, inicialmente, por esa intención case oceánica de apreixar a historia máis recente de Galicia e fabular sobre ela cun monllo de personaxes solventes, solidamente construídos e garantes do multiperspectivismo na que se asenta. Alén dunha solución estrutural precisa e acaída, o autor obriga a facer unha lectura minuciosa e atenta, nalgunha medida esixente. É así como, a través da propia lectura e case coma se fose unha epifanía, as persoas que se achegan a *Todo canto fomosgozan* dunha sorte de revelación mediante a que se xuntan a ese coro de personaxes diante dos que non é difícil sentir empatía: un

escritor de novelas policiais, unha muller que loita por un amor imposible, un emigrante retornado, unha mestra ilusionada que quere cambiar o mundo, un historiador... A disposición estrutural obriga, se se quer convida, a cubrir lagoas, a reformular conclusións, a ser parte activa, en definitiva, do que se narra. Se todo isto fose pouco, Monteagudo regala nesta novela un ritmo narrativo que, dosificando unha intriga que aborda os grandes temas da condición humana -o poder, a memoria, a rebeldía ou o amor como elementos clave-, mantén acesa a atención para chegarmos a unha resolución enxeñosa e nada previsible.

NOVELA • «Todo canto fomos» * Xosé Monteagudo * Galaxia * 534 páxinas * 23,70 euros